

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Subvencións gastos afectados polo COVID-19

CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS COVID-19 (EXTRACTO)

DISPOSICIÓNS E PRINCIPIOS XERAIS: conceder subvencións aos autónomos afectados negativamente na súa economía empresarial pola crise do COVID-19 no ano 2020, de acordo cos principios legais.

DESTINATARIOS: autónomos, deberán estar empadroados como residentes en Irixoa á data do 14-3-2020 (declaración do estado de alarma).

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES: gasto directo de prevención do contaxio do coronavirus, gasto de persoal, alugueres, consumos básicos e compra de produtos de funcionamento; período computable dende o 1-3- ao 30-9-2020.

CONTÍA: importe máximo de 1.000 € e mínimo de 300 € (prepagable ata un 80%).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 10 días hábiles, computado dende o seguinte á presente publicación.

ÓRGANO COMPETENTE: a Xunta de Goberno Local, tendo en conta informe da Comisión de Estudo e Proposta.

OBRIGAS DO BENEFICIARIO: acreditar documentalmente os gastos subvencionados, comprometerse a manter a súa actividade e residencia no concello de Irixoa ata o 13-4-2021, comunicar subvencións concorrentes, declaración responsable de estar ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social, ao tempo da xustificación, conservación de contabilidade e documental do período subvencionado, reintegro do importe non xustificado e publicidade do financiamento.

BASES: aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 21-5-2020, estando a disposición do público nas dependencias municipais e na páxina web (teléf. 981 – 793 001).

Irixoa, 22 de maio de 2020

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín

2020/2918